



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

1. Mándanme toca-la jota,
eu a jota non a seie;
para quen entre no baile
a jota lle tocareie
a jota lle tocareie
ai la la la ai la la la.

*Ai, meu amor, vai / vai, te leve o demo
que te queira ioutro, / eu xa te non quero;
eu xa te non quero / eu xa te non que[ro]
ai, meu amor, vai / que te leve o demo.*

2. Moreniña amorenada,
moreniña amorenada,
[...] * beila-lo pelo
que che quero ve-la cara
que che quero ve-la cara
ai la la la ai la la la.

*E vira ie vira / e volve a virar,
a volta do medio / é mala de dar;
é mala de dar, / é mala de dar;
e vira e vira / e volve a virar.*

[Falan. A partir de aquí cantan sen pandeireta]

3. Mulleriña do furreiro
non hai muller coma ela
de día maza-lo ferro**
de noite o furreiro nela
de noite o furreiro nela
ai la la la ai la la la.
4. O cura chamoume Rosa,
eu tamén lle rehpondín^{be}:
«esta rosa, señor cura
non a hai no seu xardín^{be}»
non a ñhai no seu xardín^{be}
ai la la la ai la la la.
5. Ah nenas de Sabaseda,
vivan elar vivan ela',
n' as hai máis adevertidas
debajo de las estrellas
debajo de las estrellas
ai la la la ai la la la.

[Aturuxo. Falan.]

6. Moito hai que non noh vemo'
moito máih que non falamos
os camiños botan herba
desde que nóh paseamor
desde que nós paseamos
ai la la la ai la la la.

*E ti telo, telo, / non mo querer dar,
e despoih de vello / halo de gardar;
halo de gardar, / halo de gardar,
e ti telo, telo, / non o queres dar.*

*E foches e foché', / non pode' negar,
á casa do cura / por ver tolear;
por ver tolear, / por ver tolear,
e foches e foché', / non pode' negar.*

*E d' onde che veu, / d' onde che virá?
Túa nai n' o ten, / teu pai non cho dá;
teu pai non cho dá, / teu pai non cho dá,
e d' onde che veu / teu pai la la ra.****

*quizais: *aquela ao beila-lo pelo*

**semella que unha informante di *peta-lo ferro* e a outra *maza-lo ferro*

***non coinciden as cantadoras; debería ser: *d' onde che virá?*